Tolpis barbata (L.) Gaertn., 1791

- tólpide barbado, leituga branca, ollo de moucho
- lechuguilla, chicoria andaluza/loca/mayor/menor, chopos, toquilla
- tolpis bizarra
- barbeta
- European umbrella milwort
- barbicha, olho de boi bravo



ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX | ES | CR | EP | VU | CA | **PM**

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Asterales**	**Asteraceae**	***Tolpis***

ORIXE

Europa.

CARACTERÍSTICAS

Planta de porte herbáceo. Raíz pivotante, delgada, con raíces secundarias curtas. Talo erecto ou algo ascendente, moi ramificado na parte superior, pubescente, con pelos ríxidos e pode chegar aos 50 cm de altura. As follas basais, en roseta, son oblanceoladas, pinnatífidas ou lobadas. As follas caulinares son máis pequenas, alternas e sésiles. Ambas coa superficie pubescente. As flores aparecen en capítulos solitarios terminais, son liguladas e de cor amarela intensa. A floración ocorre na primavera-verán. Froito tipo aquenios, provisto de papus plumoso que facilita a dispersión polo vento.

HÁBITAT

Habita principalmente pastos secos, baldíos, bordos de camiños e claros de matogueira. Prefire solos pobres, areosos ou silíceos e pouco nitrificados. Aparece dende o nivel do mar ata zonas de media montaña, en ambientes secos e solleiros.

DISTRIBUCIÓN

Sur e oeste de Europa e norte de África. Principalmente en rexións do Mediterráneo occidental.

CURIOSIDADES

Os seus capítulos tenden a abrirse plenamente co sol e a pecharse en días nubrados ou pola noite. Este fenómeno denomínase nictinastia.